

**Resolución Reitoral pola que se nomea á comisión de selección das “Becas Santander Equality” e se establecen os criterios de selección para o curso académico 2022/2023**

O Banco Santander S.A. convocou bolsas para o curso 2022/2023 dentro do programa “Becas Santander Equality” que pretende ofrecer a mulleres con bo expediente académico e escasos recursos económicos a posibilidade de realizar o seus estudos de 2º e 3º de grao nunha universidade española.

Segundo establecen as bases do programa no seu punto “III. Sistema de convocatoria e selección”, a Universidade de Vigo seleccionará a unha estudante de entre as aspirantes que cumpran os requisitos establecidos .

Visto o anterior,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**Primeiro.-** Nomear a comisión de selección que será a encargada de valorar ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos:

*Presidencia:* Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

*Vogais:* María Isabel Doval Ruiz, vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade

José Carlos Pazos Fernández, xefe da área de bolsas

Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

**Segundo.-** Poderá ser seleccionada a estudante que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculada no curso 2022/2023 nalgunha das titulacións de grao da Universidade de Vigo.
- Ter iniciado os estudos de grao no curso 2021/2022.
- Ter concedida no curso 2021/2022 bolsa xeral do MEFP co importe de “*contía ligada a renda*” e ter solicitada bolsa para o curso 2022/2023.
- Ter unha nota media no curso 2021/2022 igual ou superior a **8 puntos**, calculada tal e como establece a convocatoria de bolsa xeral do MEFP (Ministerio de Educación e Formación Profesional). Para tal efecto multiplicaranse por 1,17 as notas medias procedentes de estudos da rama de Enxeñaría.

**Terceiro.-** Criterios de selección

Unha vez comprobados os requisitos das persoas solicitantes pola Sección de Axudas e Bolsas, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do curso 2021/2022



Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria da persoa seleccionada**, de **persoas que non compren os requisitos** e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na secretaría virtual da Universidade de Vigo.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución que **conterá a proposta de persoa seleccionada, listaxe de agarda e listaxe de persoas que non cumpren os requisitos**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)  
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,  
*Natalia Caparrini Marín*



CSV : GEN-a844-15c0-82b6-0f98-7a64-dde6-37f3-ca06

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 06/10/2022 14:32 | NOTAS : F